

Curso POO PHP Excepcións

Excepcións

A partir da versión 5 introduciuse en PHP un **modelo de excepcións** similar ao existente noutras linguaxes de programación:

- o código susceptible de producir algún erro introdúcese nun bloque **try**.
- cando se produce algún erro, lánzase unha excepción utilizando a instrución **throw**.
- despois do bloque try debe haber como mínimo un bloque **catch** encargado de procesar o erro.
- se unha vez rematado o bloque try non se lanzou ningunha excepción, continúaase coa execución na liña seguinte ao bloque ou bloques catch.
- a partires de PHP 5.5 pódese utilizar un bloque **finally** despois dos bloques catch. O código de dentro do bloque finally sempre se executará despois dos bloques try e catch, independentemente de que se lanzase unha excepción ou non, e antes de que o fluxo normal de execución continúe.

PHP ofrece unha clase base **Exception** para utilizar como manexador de excepcións. Para lanzar unha excepción non é necesario indicar ningún parámetro, aínda que de forma opcional se pode pasar unha mensaxe de erro e un código de erro. Entre os métodos que podes usar cos obxectos da clase Exception están:

- **getMessage**. Devolve a mensaxe, en caso de que se puxese algún.
- **getCode**. Devolve o código de erro se existe.

```
try {
    if ($divisor == 0) throw new Exception("División por cero.");
    $resultado = $dividendo / $divisor;
}
catch (Exception $e) {
    echo "Produciuse o seguinte erro: ".$e->getMessage();
}
finally {
    echo "\n";
}
```

As funcións internas de PHP e moitas extensións como MySQLi usan o manexador de erros clásico. Só as extensións máis modernas orientadas a obxectos, como é o caso de PDO, utilizan este modelo de excepcións. Neste caso, o máis común é que a extensión defina os seus propios manexadores de erros herdando da clase Exception.

--Víctor Lourido 20:29 13 jul 2013 (CEST)